

EEI do Con

CALENDARIO DO PROCESO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA PARA O CURSO 2020-2021

FINAIS DE FEBREIRO: Publicación das vacantes no centro.

DO 1 AO 23 DE MARZO: Presentación das solicitudes de ADMISIÓN
(con fotocopia do libro de familia ou do DNI que acredite a súa idade).

Convenio regulador ou resolución xudicial de separación ou divorcio, se é o caso.

DO 26 de marzo ao 14 de abril, ambos incluídos: En caso de máis solicitudes que prazas, presentación da **documentación acreditativa** dos criterios de baremo alegados.

ANTES DO 25 DE ABRIL: Publicación das **listaxes provisionais** de admitidos e non admitidos, ordenadas por puntuación.

PERÍODO DE RECLAMACIÓNS ANTE AS LISTAXES

PROVISIONAIS:

5 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación das listaxes provisionais.

RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS: a estimación ou desestimación das reclamacións ás listaxes provisionais entenderase realizada a través das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas.

PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS E NON ADMITIDOS: Antes do **15 de maio**.

Reclamacións á resolución definitiva: recurso de alzada ante o titular da Xefatura territorial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

PRAZO DE FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA: Do **20** ao **30** de **xuño**.